

ESTREA EN NUMAX: 27.05.2016 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Theeb (2014, 100')

Dirección: Naji Abu Nowar

Guión: Naji Abu Nowar, Bassel Ghandour

Reparto: Jacir Eid, Hassan Mutlag, Hussein Salameh,

Marji Audeh, Jack Fox

Montaxe: Rupert Lloyd

Dirección de arte: Samy Keilani

Son: Jay Price

Música: Jerry Lane

Fotografía: Wolfgang Thaler

Produtora: Bayt Al Shawareb, Immortal Entertainment

(Xordania), Noor Pictures (Reino Unido)

Distribuidora: Film Buró

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

PREMIOS

Oscar 2015 (nomeado ao mellor filme de fala non inglesa),

BAFTA 2015 (mellor debut dun escritor, director

ou produtor británico), Venecia 2014 (mellor director)

FILMOGRAFÍA

Death of a Boxer, 2009

(curtametraxe)

«Un filme de aventuras clásico da mellor categoría, dos que xa se ven poucos. O impresionante traballo de localizacións no sur de Xordania ten a grandeza de Monument Valley»

Jay Weissberg. VARIETY

SINOPSE

Arabia, 1916. Theeb —lobo en árabe— vive coa súa tribo beduína nun recanto esquecido do Imperio Otomano. A súa vida interrómpeles coa chegada dun oficial do exército británico e o seu guía nunha misión misteriosa. Incapaz de negar a súa axuda ao británico por temor a deshonorar a reputación do seu defunto pai, Hussein comprométese a acompañalos ao seu destino, un pozo de auga no antigo roteiro de peregrinación á Meca.



«Os grandes westerns sitúanse en momentos de cambio»

Entrevista con Naji Abu Nowar

Por Yonca Talu

Lobo está ambientado nun período de mudanza radical cuxo impacto séntese profundamente aínda hoxe nesas rexións. Por que escolliches esta ambientación? Tiñas intención de reflectir o presente a través do pasado? Obviamente se ollamos a historia do pobo beduíno vemos que se trata dun momento crítico. A caída do imperio Otomano empurrounos a establecerse. E despois, o colapso e a caída das fronteiras empeorou aínda as cousas. Son feitos que selaron o seu destino e aínda hoxe, cando falas cos vellos e escoitas historias sobre a revolta, ves que foi un período moi importante. Isto levoume desde o comezo do proxecto a levar o filme ás estratexias do western. Todos os grandes westerns sitúanse en momentos de cambio. Por exemplo, os filmes de Kurosawa, *Yojimbo*, *Los siete samurais* ou *Sanjuro*, sitúanse no remate da era shogun. Os filmes de Leone fálannos da expansión do ferrocarril en *Hasta que llegó su hora*, ou a Guerra Civil en *El bueno, el feo y el malo*, e o mesmo acontece cos westerns americanos. *Centauros del desierto* de John Ford sitúase ao remate da Guerra Civil, ao igual ca *El fuera de la ley* [Clint Eastwood] e de xeito indirecto o mesmo acontece en *Perros de paja* [Sam Peckinpah], no que o protagonista foxe á costa británica logo de que algo malo lle acontecese nas manifestacións de Los Angeles, onde el vivía. Gústanme esas relacións e, obviamente, hai unha semellanza directa. Gustaríame poder dicir que tiñamos unha gran visión e tiñamos previsto de antemán que a Primavera Árabe ía comezar. Pero foi máis unha escolla intuitiva ca intelectual.

O que me parece único en Lobo é a sutileza coa que se sostén o contexto histórico. Nunca se enfatiza de máis e iso outorga á historia unha caste de atemporalidade. Iso era esencial para min porque nos fala do punto de

vista do filme, e cómpre sinalar que a cultura beduína non ten un concepto do tempo. Non sitúan os acontecementos no día ou no ano e mesmo non saben as súas datas de nacemento ou cantos anos teñen exactamente; non son cousas importantes nesa cultura. Daquela quería imaxinar como poderíamos vivir ese período se fósemos beduínos, por iso gustábame moito a idea de que o neno non soubese que estaba a ter lugar a Primeira Guerra Mundial nin quen era o home británico ou os otomanos. Fascinábame seguir a súa viaxe sen que o espectador tivese máis información ca o rapaz, como se nos situasen directamente nese mundo.

Mencionaches a influencia de Kurosawa e Ford. Tamén vexo a dos filmes de Peckinpah e mesmo Antonioni e os Dardenne, na túa maneira de filmar as paisaxes e os corpos. Probablemente no subconsciente Antonioni sexa unha influencia para min. Avergónñame dicir que se vives en Xordania, a non ser que merques filmes piratas, non hai moita opción para ver ese cinema. Por esa razón non vin ningún filme dos Dardenne co que definitivamente non son unha influencia [risas]. Peckinpah si o é, como xa dixen no caso de *Perros de paja*. Mais hai moitas outras influencias inconscientes. Por exemplo decateime de súpeto que nunha secuencia copiei case literalmente catro planos de *Master and Commander* de Peter Weir. Hai unha secuencia na que descubren o barco francés na outra beira da costa, nas Illas Galápagos, que coincide de xeito case idéntico co meu filme. E non era consciente no momento de facelo.

E en canto a influencias pictóricas? As escenas nocturnas, con intensos claroscuros creados por teas e cacharelas teñen o efecto das pinturas de Caravaggio. O que dis é marabilloso. Sempre me sorprende que os críticos e xornalistas non se teñan decatado. Mais si, a influencia de Caravaggio é moi importante no filme, especialmente nas escenas nocturnas. Estudámo-lo arreo e esa é a razón pola que trouxen a Wolfgang [Thaler]. Díxenlle que quería tentar conseguir este efecto. E fixo un traballo absolutamente incríbel.

Publicado en <http://www.filmcomment.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Yojimbo. Akira Kurosawa.

A contracorrente [DVD]

Los siete samurais. Akira Kurosawa.

A contracorrente [BluRay]

La trilogía del dólar. Sergio Leone.

Divisa [DVD]

Hasta que llegó su hora. Sergio Leone.

Paramount [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME